



BANDO DA ALCALDÍA

Pola presente faise saber que está aberto o prazo ata o día 2 de marzo para a **PRESENTACIÓN DE OFERTAS DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA BARRA DE BAR NA FESTA DA XUVENTUDE E NA FESTA DA TROITA DO ANO 2016.**

Tódolos interesados poderán consultar as condicións para a presentación de ofertas no Perfil do Contratante do Concello de Oroso (www.concellooroso.com), sendo as principais condicións do servizo as seguintes:

1º) Condicións de solvencia financeira: Seguro de indemnización por riscos profesionais por unha cobertura mínima de 300.000 euros e unha franquía máxima de 300 euros que cubra os posibles danos ocasionados como consecuencia da execución das prestacións do contrato. **É necesario ter concertado o contrato a data de finalización de presentación de ofertas, non sendo válido a concertación con data posterior do citado contrato de seguro.**

2º) Condicións de solvencia técnica: Experiencia na xestión de negocios similares e/ou experiencia no sector, presentando unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

3º) Adscripción mínima de medios personais, que se acreditará mediante Copia do contrato de traballo e alta na Seguridade Social do persoal, salvo que se trate do propio empresario, cunha antelación mínima de 3 días hábiles de antelación á celebración da festa correspondente.

-Festa dá Xuventude: 1 encargado e cinco camareiros.

-Festa dá Troita: 1 encargado e sete camareiros.

4º) Criterios de valoración: O contrato adjudicarase ao licitador que oferte o maior prezo.

5º) Prezo mínimo a pagar ao Concello, que poderá ser incrementado ao alza na oferta, conforme aos seguintes prazos:

-Unha terceira parte do prezo ofertado no lote correspondente deberá ser abonado ao momento de formalización do contrato.

-O restante importe ata completar o total ofertado deberá ser abonado no prazo de 3 días hábiles seguintes á finalización da festa.

LOTE	PREZO MÍNIMO
Lote 1 "F. Xuventude"	4.041,86 euros.
Lote 2 "F. Troita"	13.893,02 euros

En Oroso a 23 de febreiro de 2016

O Alcalde-Presidente

Manuel Mirás Franqueira